

**(EN GALEGO)**

**Os sindicatos palestinos fan unha chamada ás organizacións sindicais  
Internacionais para unha acción inmediata e urxente**

**22 de maio de 2021**

**Chamada á mobilización**

Os sindicatos palestinos e as organizacións de traballadoras e traballadores de toda a Palestina histórica fan un chamamento aos irmáns e irmás do movemento sindical mundial para que tomen medidas inmediatas en solidariedade coa loita palestina pola liberdade e a xustiza.

Mentres bandas de colonos e forzas de ocupación israelís seguen cunha campaña de violencia e limpeza étnica contra o Pobo palestino en Gaza, Sheikh Jarrah, Lydd e Haifa, as traballadoras e traballadores palestinos están a levar a peor parte desta violencia, atopándonos na vanguarda da loita pola nosa liberación.

Esta semana, activistas e sindicatos palestinos levaron a cabo unhas folgas xeral en toda a histórica Palestina. Esta é a primeira folga da historia recente que reagrupa ás palestinas, independentemente de onde esteamos.

Nembargantes, para conquistar a nosa liberación, precisamos Solidariedade das nosas camaradas e amigas do movemento sindical internacional. Mentres Israel intensifica os seus ataques e brutalidade, nós precisamos desta solidariedade máis ca nunca, e necesítamola urxentemente para evitar que a máquina de guerra de Israel cometa máis masacres.

Facemos un chamamento para que vos sumedes a nós, para que vos manifestedes e pasedes á acción de loita contra a opresión internacional. Podemos facer que se deteña o apoio aos rexímenes racistas. O movemento sindical mundial sempre xogou un papel clave e esperanzador polo seu valente compromiso cos dereitos humanos e a adopción de sancións levadas a cabo por traballadoras, concretas e innovadoras, contra os reximes opresivos. Cumpre suliñar o boicot sindical ao apartheid Sudáfrica como un bo exemplo desta tradición de solidariedade efectiva.

Por mor do internacionalismo e da solidariedade, facemos un chamamento aos sindicatos a:

- Emitir declaracións públicas e explícitas de solidariedade co pobo palestino e manifestar o seu apoio ao Boicot, Desinversión e Sancións (BDS) contra Israel para que cumpra coas súas obrigas, segundo o dereito internacional.
- Participar nas futuras folgas xerais convocadas polas organizacións populares e sindicatos palestinos, celebrando protestas e vixilias nesas datas.
- Contribuír a fondos de resistencia para apoiar á xente palestina detida por Israel e comprométerses a contribuír con fondos para apoiar futuras folgas.
- Tomar medidas inmediatas e concretas para asegurar que os propios sindicatos non sexan cómplices de apoiar e manter a opresión israelí, por exemplo, desprendéndose dos fondos de pensións de empresas de empresas cómplices da ocupación israelí, animando ás traballadoras e traballadores a negarse a manipular produtos Israelís e / ou apoiando aos membros que se negan a construír armas para Israel.

***Unión Xeral de Mulleres Palestinas***

***Federación de Asociacións Profesionais, incluíndo:***

***Asociación Dental Palestina***

***Colexio de Avogados/as de Palestina***

***Asociación Médica Palestina***

***Unión Palestina de Farmacéuticos/as***

***Asociación de Enxeñeiros/as Agrónomos***

***Unión Xeral de Traballadores dos Servizos Sanitarios***

***Unión Xeral de Traballadores da Industria Agraria e Alimentaria***

***Unión Xeral de Traballadores de Servizos e Empresas Privadas***

***Unión Xeral de Traballadores da Construción***

***Unión Xeral de Traballadores do Textil e do Vestiario***

***Unión de Traballadores de Organizacións Populares e Civís***

***Asociación Veterinaria***

***Nova Federación Palestina de Sindicatos***

***Federación Xeral de Sindicatos Independentes***